

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PROXECTOS PARA A SÚA INCLUSIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL CONTINUA DE OURENSE

Exposición de motivos

A Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25, establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. isto inclúe a posibilidade de desenvolver programas de formación dirixidos á poboación adulta, como parte da oferta de servizos públicos locais destinados á mellora da calidade de vida e á promoción da igualdade de oportunidades, garantindo a eficiencia, a descentralización e a sustentabilidade na xestión dos recursos públicos.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE) recoñece no seu artigo 5 que todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o desenvolvemento persoal e profesional, e establece como principio básico propiciar a educación permanente.

Como complemento, o artigo 5 bis regula a educación non formal, promovendo a súa articulación coa educación formal para responder ás necesidades específicas dos adultos mediante unha oferta flexible.

O artigo 66 da LOMLOE recolle a educación das persoas adultas e establece obxectivos como desenvolver as súas capacidades persoais, nos ámbitos expresivos, comunicativo, de relación interpersoal e de construción do coñecemento, así como desenvolver a súa capacidade de participación na vida social, cultural... entre outros.

No marco da Concellería de Impulso Educativo, créase a Escola Municipal Continua (EMC) como un programa de formación de persoas adultas, para dar resposta a demanda da cidadanía ourensá que necesita mellorar os seus coñecementos e axudala a adquirir novas capacidades, a reciclarse e a proseguir o seu desenvolvemento persoal e profesional.

A participación neste tipo de obradoiros supón un complemento á súa formación, tanto persoal como profesional das persoas asistentes, así como a participación na sociedade ou a mellora das súas relacións sociais entre outras.



Para acadar os obxectivos previstos, é preciso dispor dunha oferta formativa atractiva para a poboación destinataria. Con tal finalidade, esta concellería elabora unhas bases reguladoras para a selección de proxectos formativos da Escola Municipal Continua para o ano 2026, mediante a convocatoria pública. O obxectivo é crear unha listaxe de proxectos e actividades que permitan seleccionar e promover unha oferta educativa variada e adaptada ás necesidades da comunidade, encomendándoa a profesionais e a entidades que reúnan as condicións máis idóneas, tanto pola cualificación do persoal técnico como pola súa infraestrutura.

Por todo o anteriormente exposto a Concellería de Impulso Educativo acorda realizar a convocatoria pública para a selección de proxectos dirixidos á realización de actividades para o ano 2026, conforme ás seguintes:

BASES

Artigo 1. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e requisitos para a selección de proxectos que configuran a oferta do programa de actividades da Escola Municipal Continua para o ano 2026

Artigo 2. Financiamento

Para o desenvolvemento dos proxectos de actividades, prevese unha realización de gasto de 49.000 euros. Crearase unha listaxe de candidatos/as, e a través dos procedementos legalmente establecidos, seleccionaranse e adxudicaranse os proxectos conforme ás disponibilidades orzamentarias.

Artigo 3. Persoas solicitantes

Poderán participar nesta convocatoria e presentar proxectos de actividades, todas as persoas físicas ou xurídicas, legalmente recoñecidas, con plena capacidade de obrar, capacitación técnica e habilitación profesional, e que non estean incursas nalgunha causa de exclusión ou prohibición para contratar coas administracións públicas.

Artigo 4. Publicidade

A publicación da convocatoria e a súa resolución realizarase no taboleiro de edictos da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ourense (<https://ourense.gal/>).

Así mesmo, de acordo co establecido no art. 45.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as sucesivas publicacións dos



actos de trámite correspondentes coa presente convocatoria serán realizadas polos mesmos medios que os indicados no apartado anterior.

Artigo 5. Prazo e lugar de presentación dos proxectos

O prazo de presentación de proxectos será de dez días hábiles, contado desde o día seguinte á publicación da convocatoria no taboleiro de edictos. O órgano competente non terá en conta as solicitudes presentadas fóra do prazo para a súa resolución.

A persoa solicitante deberá presentar a solicitude, acompañada da documentación preceptiva do artigo 6, debidamente cubertas e asinadas no modelo oficial de solicitude xenérica, no rexistro electrónico do Concello de Ourense ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas.

A presentación da solicitude presupón, en todo caso, a aceptación incondicional das condicións, requisitos e obrigas que se conteñen nas bases reguladoras e na convocatoria.

Artigo 6. Documentación

As persoas interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia do NIF, DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) De ser o caso, poder de representación da persoa solicitante e o seu DNI/NIE.
- c) Se a persoa solicitante fose unha persoa xurídica, a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- d) Proxecto/s da/s actividade/es, con indicación expresa do prezo unitario por hora e IVE detallado.
- e) Titulacións, certificacións ou cualificacións no marco da actividade proposta, correspondentes aos monitores/as e/ou persoal técnico encargado de executar a actividade.
- f) Declaración responsable de posuír a capacidade para contratar co Concello de Ourense e non estar incurso en prohibición de contratar.
- g) Declaración responsable de estar ao corrente dos pagos á Seguridade Social e de non ter débedas coa Administración Tributaria do Estado, da Comunidade Autónoma e o Concello de Ourense.



- h) Declaración de que a entidade dispón de persoal habilitado profesionalmente para organizar as actividades.
- i) De ser o caso, certificado de discapacidade do traballador ou traballadora autónomo ou certificado da entidade no que conste o número global das persoas traballadoras e o número de persoas traballadoras con discapacidade, para os efectos do artigo 10 destas bases.

Artigo 7. Características e contidos dos proxectos

1. As persoas solicitantes poderán presentar, nunha única solicitude, unha ou varias propostas de actividades a desenvolver dende o 1 de marzo de 2026 ata o 30 de novembro de 2026 (agás os meses de xullo e agosto),

En todo caso, o número máximo de propostas por entidade virá determinado por un importe global inferior de 15.000 euros máis IVE.

Para os efectos de elaboración de orzamentos operarán os seguintes límites con respecto ao prezo hora do curso en instalacións propias e nos cursos de teleformación.

- a) As entidades ou persoas seleccionados/as: 36€/hora (42€/hora nos casos de realización da actividade en instalacións propias)
- b) No caso dos cursos de teleformación 28€/alumno/a finalizado (considerando a finalización como a superación do 75% da formación).

2. Os proxectos conterán como mínimo:

- a) Título da acción formativa
- b) Obxectivos
- c) Contidos temáticos
- d) Metodoloxía de traballo
- e) Temporalización: número de horas totais, e calendario. Ambos os dous son orientativos e poderán ser modificados pola Concellería de Educación.
- f) Número de participantes:
 - Teleformación: máximo de 50 e mínimo de 10.
 - Presencial: máximo de 25 e mínimo de 10.
- g) Recursos materiais que achega a entidade.
- h) Aula: no caso de que o aspirante propoña impartir a actividade en instalacións propias, deberá presentar unha breve descrición das instalacións: enderezo, capacidade da aula, servizos, e calquera aspecto que considere de interese.
- i) Prezo da actividade co IVE detallado á parte e indicación expresa do prezo unitario por hora.

Artigo 8. Instrución



1. A instrución do procedemento de selección de proxectos correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa.
2. Concluído o prazo de presentación de solicitudes, e se estas non reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, requiriráselle á persoa interesada que no prazo de dez días hábiles emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos, de acordo cos termos e efectos previstos no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, transcorrido o cal sen ter atendido o requirimento terase por desistido da súa solicitude, logo da resolución declaratoria ditada para o efecto.
3. Para a instrución do procedemento poderanse realizar de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución de adxudicación, podendo requirir as aclaracións ou documentación adicional necesaria para resolver.

Artigo 9. Selección de proxectos

1. Unha vez que dispoña de toda a documentación, o Servizo de Educación, avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e a valoración que se determinan no artigo 10 destas bases.
2. Os proxectos presentados serán revisados, valorados e seleccionados por unha Comisión de Valoración, presidida pola persoa titular da Concellería Delegada de Impulso Educativo do Concello de Ourense ou pola persoa en quen delegue, que estará integrada por:
 - a) A persoa titular da Xefatura de Educación ou a persoa en quen delegue.
 - b) Dúas persoas coordinadoras pertencentes ao Servizo de Educación.
3. O procedemento resolverase mediante decreto da persoa titular da Concellería Delegada de Impulso Educativo, logo da proposta do Servizo de Educación á vista da acta da Comisión de valoración. A resolución da convocatoria publicárase no taboleiro de edictos da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ourense (www.ourense.gal).
4. A resolución consistirá nunha listaxe ordenada de aspirantes a executar o seu proxecto en función do chamamento ordenado polo Servizo de Educación. A inclusión na listaxe non xera ningún dereito senón a expectativa de dereito de ser chamado/a seguindo un orde de prelación se se desenvolve ese tipo de actividade.

Artigo 10. Criterios de valoración para a selección de proxectos

1. A Comisión de Valoración, á que fai referencia o apartado 2 do artigo 9, valorará na selección dos proxectos os seguintes aspectos:





- a) Calidade e interese da actividade presentada ata 50 puntos
 - b) Cualificación, titulación e experiencia do persoal adscrito ao proxecto presentado: ata 25 puntos.
 - c) Mellora do prezo unitario por hora da actividade cun máximo dun 10% sobre o prezo € / hora: ata 25 puntos.
2. Poderán adxudicarse varios proxectos respecto dunha mesma persoa solicitante, operando como límite os limiares económicos contidos no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
3. No caso de igual puntuación, terán preferencia os proxectos presentados por entidades que, no momento da convocatoria, contén cun número de persoas traballadoras con discapacidade non inferior ao 2 por cento.

Artigo 11. Obrigas das persoas adxudicatarias

1. As persoas seleccionadas comprométense, no prazo de dez días hábiles dende o chamamento, a presentar a seguinte documentación:
- a) Certificado de situación no censo de actividades económicas Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a situación de alta no epígrafe correspondente para o obxecto da actividade, sempre que exerza actividades suxeitas a este imposto, referida ao exercicio corrente, ou completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula deste imposto.
 - b) Certificado de estar ao corrente nas obrigas fronte á Seguridade Social.
 - c) Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.
 - d) Certificado de débedas positivo expedido pola Axencia Tributaria de Galicia.
Os certificados das letras b), c) e d) deberán ser expedidos para os efectos do previsto no artigo 71.1.d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
 - e) Seguro de responsabilidade civil. Presentarase certificado da entidade aseguradora no que conste que a persoa adxudicataria dispón do correspondente seguro de responsabilidade civil en vigor e especifique que a actividade queda perfectamente cuberta.
2. As persoas seleccionadas deberán cumprir con todas as estipulacións recollidas nestas bases, así como colaborar e presentar calquera tipo de xustificantes a requirimento da persoa responsable municipal do programa.



3. Todos os custos adscritos ao proxecto (persoal, material, seguros e, en xeral, todos aqueles necesarios para o desenvolvemento da actividade) serán por conta da persoa adxudicataria.

4. As persoas adxudicatarias estarán obrigadas a cumprir as disposicións legais vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como estar ao corrente nas súas obrigas coa facenda pública e co Concello de Ourense.

O persoal adscrito pola entidade adxudicataria á execución da actividade non terá ningún tipo de vínculo laboral co Concello de Ourense.



Artigo 12. Realización, control e anulación de actividades

1. A Concellería de Impulso Educativo poderá incorporar, en función da súa puntuación e tipo de actividade, os proxectos seleccionados ao Programa da Escola Municipal Continua.

Producida a necesidade de levar á práctica un proxecto dos seleccionados polo Servizo de Educación, xestionarase a súa contratación mediante o chamamento á persoa candidata que máis puntos teña na actividade. Os chamamentos faranse pola vía de urxencia podéndose acudir ao teléfono de ser imprescindible. Se á persoa candidata non lle interesa acudirase á seguinte da listaxe.

2. Corresponderalle á Concellería de Impulso Educativo a supervisión das actividades que se cheguen a adxudicar a través da persoa responsable municipal do programa, así como a xestión das inscricións.

3. O uso de instalacións e bens municipais non atribuirá á entidade que presta os servizos ningún dereito sobre eles.

4. A persoa adxudicataria será a responsable de executar as actividades conforme se reflicten nos proxectos presentados, nas condicións e requisitos esixidos nas presentes bases e nas directrices marcadas pola Concellería de Impulso Educativo.

5. A Concellería de Impulso Educativo resérvase o dereito de anular a execución de accións formativas por imposibilidade de prestación ou inexistencia dun mínimo de alumnado presentado no proxecto.

Non serán obxecto de indemnización ou reclamación de danos e perdas por mor da anulación das accións formativas seleccionadas.

6. A Concellería de Impulso Educativo resérvase o dereito a realizar cantas actuacións, modificacións ou adaptacións sexan necesarias para garantir o bo desenvolvemento e funcionamento das actividades.

Os proponentes seleccionados comprométense a impartir a acción formativa de acordo co proxecto presentado, así como a realizar o control de asistencia do alumnado de conformidade coas directrices sinaladas pola Concellería.

Deberá existir a maior flexibilidade e capacidade de coordinación posible entre o Concello de Ourense e as persoas adxudicatarias ante circunstancias non previstas nas presentes condicións e requisitos ou nas condicións reais da execución.



7. Para o caso en que a persoa adxudicataria achegue como instalación para realizar as actividades algún espazo físico determinado alleo a unha dependencia municipal, este deberá reunir as condicións de seguridade, sanitarias e técnicas correspondentes, así como ostentar os permisos, licenzas ou autorizacións pertinentes. A entidade deberá acreditar documentalmente tales circunstancias, así como autorizar ao Concello de Ourense a supervisión e/ou avaliación dos espazos.

8. No caso de renuncia dalgunha persoa adxudicataria á realización da actividade seleccionada, poderase escoller o seguinte proxecto mellor puntuado.

Artigo 13. Forma de pagamento

O pagamento realizarase logo da presentación de factura, expedida na forma legalmente establecida e con clara especificación das unidades facturadas, retencións fiscais e impostos aplicables á actividade desenvolvida.

A factura será informada polo persoal municipal responsable da programación de actividades da Escola Municipal Continua e conformada pola persoa titular da xefatura do Servizo de Educación.

Artigo 14. Recursos e impugnacións

A resolución definitiva do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer alternativamente un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer o recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Artigo 15. Protección de datos

Os datos persoais recompilados na xestión da selección dos proxectos serán recolleitos e tratados nun ficheiro de titularidade municipal segundo o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento



Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercerse polos seus titulares ante o Concello de Ourense nos termos previstos na lexislación aplicable.

Artigo 16. Infraccións

1. As persoas adxudicatarias deberán cumprir todos e cada un dos obxectivos e adoptar todos os comportamentos esixidos nas presentes bases reguladoras e no proxecto seleccionado.
2. No caso de incumprimento por parte da persoa adxudicataria, o Concello de Ourense, logo da tramitación do expediente correspondente, poderá excluír a persoa afectada da participación nas seguintes convocatorias de análoga natureza á actual, sen prexuízo das penalidades e responsabilidades establecidas na lexislación vixente.

Artigo 17. Réxime xurídico

1. Conforme ao art. 261 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o Concello de Ourense ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.
2. As actuacións en relación coa presente convocatoria, así como en relación coa execución das actividades, rexeranse, en primeiro lugar, polo contido nas presentes bases. Para todo aquilo que non estivese contemplado, estarase ao disposto na normativa de réxime local e réxime xurídico das administracións públicas, na normativa de facendas locais, na normativa de contratos do sector público, e as demais normas concordantes de ámbito estatal, autonómico e local que resulten de aplicación.

Artigo 18. Entrada en vigor

Estas bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ourense (www.ourense.gal), e permanecerán vixentes ata a súa modificación ou derogación



ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA A NON ESTAR INCURSOS EN PROHIBICIÓNS E INCOMPATIBILIDADES PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN, DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER DÉBEDAS EN PERÍODO EXECUTIVO CO CONCELLO DE OURENSE

Don/Dona, con DNI/NIE

en nome propio ou en representación da entidade

con NIF nº, como.....

DECLARA:

I.- Que a citada entidade, os seus administradores e representantes legais, así como o asinante, non se encontran comprendidos en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

II.- Que a citada entidade se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Ourense e, se as ten, están garantidas.

..... de de

Asdo.:

